

O María Wonenburger premiará o traballo tecnolóxico e científico das mulleres

O nome do galardón creado pola Unidade de Muller e ciencia pretende ser un recoñecemento á figura da matemática coruñesa.

[Xornal.com](#) - clásica 13/07/2007 - 11:31 h.

●●●●● 0 voto/s
Vota ●●●●●

XORNAL | Santiago.- Resaltar as traxectorias relevantes de mulleres nos eidos da ciencia e a tecnoloxía é o obxectivo do Premio María Wonenburger que concederá a Unidade de Muller e Ciencia. A secretaria xeral da Igualdade, [Carme Adán](#), deu a coñecer hoxe o acordo adoptado no pleno deste órgano para a creación do galardón, cuxo nome pretende ser unha homenaxe á figura da matemática coruñesa María Wonenburger Planells.

María Josefa Wonenburger Planells (A Coruña, 1927) estudou Ciencias Exactas na Universidade Complutense de Madrid e, en 1953, trasladouse a Estados Unidos para se especializar el álgebra cunha bolsa Fulbright. Na Universidade de Yale leu a tese de doutoramento, dirixida por Nathan Jacobson, un dos mellores alxebristas do momento, e iniciou unha brillante traxectoria nesta materia como profesora en diferentes universidades –Toronto, Búfalo, Bloomington (Indiana)– e como directora de teses, entre elas a do matemático Robert V. Moody, en 1966. Da súa man, Moody iniciou na súa tese a teoría coñecida como Álxebras de Kac-Moody, con aplicacións en Física e noutros campos das Matemáticas. Voltou á Coruña, onde reside, en 1983

<http://www.xornal.com/artigo/2007/07/13/galicia/o-maria-wonenburger-premiara-o-traballo-tecnoloxico-e-cientifico-das-mulleres/200707131131350000.html>